



DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma moderno: Idioma (A) Francés II

Materia	Idioma moderno: Idioma (A) Francés II			
Código	V01G430V01113			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento				
Coordinador/a	Figueiras Catoira, Carla			
Profesorado	Figueiras Catoira, Carla			
Correo-e				
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que as estudantes acaden as competencias de comunicación oral e escrita propias do nivel B1, aproximadamente, segundo o Marco europeo de referencia e partendo de un nivel aproximado de A2. Isto é, que poidan realizar en francés as tarefas básicas da vida cotiá e contar de xeito sinxelo as súas experiencias e experiencias alleas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código			
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.		
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.		
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.		
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.		
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.		
B10	Capacidade para desenvolver un proceso de comunicación sólido, responsable e ético.		
C1	Capacidade para elaborar textos críticos, de erudición ou creativos en distintos formatos no ámbito literario empregando as ferramentas e conceptos dos estudos literarios.		
C10	Coñecemento da norma e o uso discursivo das linguas do grao e capacidade para aplicar de maneira crítica eses coñecementos na actividade profesional.		

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento medio do segundo idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	A1 A4	B1 B7	C1
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro.	A1 A2 A4 A5	B1 B7 B10	C10

Contidos

Tema	
------	--

1. Décrire l'espace. Demander son chemin.	Les marqueurs spatiaux. Le présent, le futur et l'impératif des verbes.
2. Donner des ordres, des conseils. Suivre des ordres des conseils.	Les formes de l'injonction.
3. Comparer des objets, des situations, des personnes.	La comparaison : les comparatifs. Les pronoms personnels compléments. Les relatifs.
4. L'expression des goûts. Énoncer des jugements. Donner son opinion.	Lexique de l'opinion : adjectifs, adverbes, verbes d'opinion.
6. Raconter des événements, sa journée, sa biographie	Les temps du passé. La concordance des temps. Les marqueurs temporels.
7. Contenus civilisationnels francophones.	Les francophonies. Les médias, la culture et les secteurs d'activités francophones.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	19	43
Resolución de problemas de forma autónoma	23	52	75
Presentación	1	27	28
Exame oral	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Presentación e explicación dos contidos lingüísticos e culturais tratados no curso.
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de exercicios teórico-prácticos durante as aulas ou en casa. Os exercicios poderán ser avaliados, con ou sen previo aviso, como parte da avaliación continua.
Presentación	Presentación dun traballo sobre un tema de civilización.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Presentación O profesor atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentación	Presentación oral en grupo do traballo autónomo sobre un tema de civilización.	10	B1 B10
Exame oral	Proba de expresión oral a partir do libro de lectura.	20	A4 B1
Resolución de problemas e/ou exercicios	Participación activa na aula respondendo ás cuestións, debates e problemas propostos. Realización de tarefas e exercicios a través da plataforma Moovi ou outra presentación na casa.	20	A1 A2 A4 A5 B7
Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse un primeiro parcial que comprende as probas de comprensión oral e escrita e expresión escrita.	20	A1 A5
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase un segundo parcial coas probas de comprensión oral e expresión escrita.	30	A1 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

O alumnado será avaliado mediante o sistema de **avaliación continua** indicado arriba. Para avaliarse mediante este sistema é imprescindible asistir ás clases. Unha ausencia inxustificada do 20% invalida o dereito á avaliación continua.

Na avaliación continua é preciso superar cun 5 sobre 10 cada unha das probas. Realizaranse as seguintes probas:

Primeiro parcial: na semana anterior ás vacacións de Pascoa faránse probas de comprensión oral e escrita e expresión oral.

Presentación oral en grupo: acordarase o contido e unha data co profesorado para realizar unha presentación oral durante o mes de abril.

Segundo parcial: na data oficial de exames proposta pola Xunta de Facultade realizaranse probas de comprensión oral e expresión escrita. Así mesmo, acordarase un horario para a realización dun exame oral individual que tratará sobre a comprensión do libro de lectura.

Para aprobar a materia será necesario entregar os traballos na data requirida. As probas non entregadas contarán como un cero.

Plaxio: a actuación fraudulenta en calquera proba de avaliación implicará acualificación de cero (suspenso) na acta da oportunidade de avaliación da convocatoria correspondente, iso con independencia do valor que sobre a cualificación global desta tivese a proba en cuestión e sen prexuízo das posibles consecuencias de índole disciplinaria que poidan producirse

Avaliación única o alumnado que non poida realizar a avaliación continua poderá examinarse do 100% da materia na 1ª edición de actas. O exame será de comprensión/expresión oral et de comprensión/expresión escrita (50% cada parte). O exame terá lugar no período de exames na data do calendario aprobada pola Xunta de Facultade. O libro de lectura é obrigatorio.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo)

Na segunda edición de actas (xullo) haberá un exame de comprensión/expresión oral e escrita polo 100% da cualificación (50% cada parte) . Conservaranse as calificacións das probas aprobadas no sistema de avaliación continua. O exame terá lugar no período de exames na data do calendario aprobada pola Xunta de Facultade, e a proba oral tamén terá lugar no período de exames na data acordada previamente co profesorado. **O libro de lectura é obrigatorio.**

Recoméndase o traballo continuado e a consulta frecuente dos medios de comunicación francófonos.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Akyüz, Anne, **Exercices de grammaire en contexte B1**, Hachette FLE, 2019

AA. VV., **Exercices de vocabulaire en contexte. Niveau intermédiaire.**, Hachette, 2000

Delatour, Y. et alii, **La nouvelle grammaire du français. Cours de civilisation française de la Sorbonne.**, Hachette, 2004

AA. VV., **Les Globe-trotteurs 4. Niveau A2.2.**, Éditions Maisons des Langues, 2023

AA. VV., **Entre nous 3. Niveau B1**, Édition Maison des Langues, 2022

AA. VV., **À la une 4. Niveau B1**, 9788419236784, Éditions Maisons des Langues, 2019

Khan, Rachel; Massot, Aude., **Les grandes et les petites choses.**, Nathan, 2023

Ouedraogo, Roukiata; Massot, Aude., **Ouagadougou pressé.**, Sarbacane éditions, 2021

Bibliografía Complementaria

AA. VV., **Vocabulaire illustré 350 exercices. Niveau intermédiaire.**, Hachette, 1992

AA. VV., **Le nouveau Bescherelle. L'art de conjuguer. Dictionnaire de 12000 verbes.**, Hatier, 1988

Abry & & & Chalaron, **les 500 exercices de phonétique B1 / B2**, Hachette, 2011

Godard, E. et alii, **Les clés du nouveau DELF B1**, La maison des langues, 2014

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase frecuentar os medios de comunicación francófonos, asistir ás aulas, traballar todos os días.

Para poder seguir a materia recoméndase un nivel A2, e espérase alcanzar un nivel B1.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.